

Cédula do 13 de setembro de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESANI 2010/000554-1 e PESANI 2010/000555-1).

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan, as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados de seguido atópanse á disposición dos interesados no citado Departamento Territorial da Coruña; r/ Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESANI 2010/000554-1.

Denunciada: María Calo Rodríguez.

DNI: 33224030-R.

Enderezo: r/ Carlos Casares, 13, P-1º B, Ribeira.

Precepto infrinxido: 11.2º, 11.11º.

Sanción: 302 euros.

Nº de expediente: PESANI 2010/000555-1.

Denunciada: María del Mar Briones Muñiz.

DNI: 76507078-Q.

Enderezo: Principal, 178-Ed. Fontefría-pt. b-baixo C, Escarabotño-Escarabote (Boiro).

Precepto infrinxido: 11.2º, 11.11º.

Sanción: 302 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller no antedito departamento territorial o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 13 de setembro de 2010.

Juan Carlos Barreiro González
Xefe territorial da Coruña

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio do 24 de setembro de 2010 polo que se fai pública a declaración de supramunicipalidade do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe (nos concellos de Gondomar e Vigo), e se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe e o informe de sustentabilidade ambiental relativo a este.

De conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, faise pública a parte dispositiva do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de setembro de 2010, polo que se declara a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, que literalmente di:

1º. Declarar o proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, nos concellos de Gondomar e Vigo, na provincia de Pontevedra, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos pola Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e polo Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

2º. Determinar que lle corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o impulso e tramitación do citado proxecto sectorial, de acordo co procedemento establecido no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo.

Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; nos artigos 9 e 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; e tendo en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 18 de febreiro de 2010, polo que se deixa sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado con data do 27 de maio de 2004, sométese, para os efectos e durante os prazos que logo se precisan, a seguinte documentación:

-Proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe (nos concellos de Gondomar e Vigo), e informe de sustentabilidade ambiental relativo a este: sométese a información pública e consultas polo prazo de dous

meses contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

Durante o prazo referido calquera persoa poderá examinar a anterior documentación en horario de oficina nas dependencias do Instituto Galego da Vivenda e Solo -sitas no polígono das Fontiñas, Área Central, s/n en Santiago de Compostela- e nos concellos de Gondomar e Vigo, e presentar ante o IGVS as alegacións, documentos e xustificacións que xulgue pertinentes. Co obxecto de facilitar o acceso á documentación sometida a información pública, esta poderá consultarse na páxina web do IGVS <http://igvs.xunta.es/web/igvs>

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2010.

Antonio José Boné Pina
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ALLARIZ

Edicto.

Licitación de alleamento de parcelas no parque empresarial SUI-1 Chorente de Allariz.

Por acordo do Pleno desta Corporación local de data do 27 de setembro de 2010 foi aprobado o alleamento dunha serie de parcelas sitas no parque empresarial de Chorente SUI-1 de Allariz, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, un único criterio de adjudicación ao prezo máis alto, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares.

Publícase no BOP, no *Diario Oficial de Galicia* e no perfil de contratante, por prazo de 15 días naturais, o anuncio de licitación, para seleccionar os compradores, con suxeición ás seguintes cláusulas. Se o prazo de vencemento coincide en sábado ou festivo, trasladarase ao seguinte día hábil.

1. Entidade adjudicadora.

- a) Organismo: Concello de Allariz.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Número de expediente: B2010.08.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: alleamento das seguintes parcelas sitas no parque empresarial de Chorente SUI-1 de Allariz:

Lote nº 23. Superficie: 1.082 m². Parcela nº 81.

Lote nº 24. Superficie: 8.930 m². Parcela nº 41, 42, 43, 44, 47, 48, 49 e 50.

3. Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4. Tipo de licitación: o tipo de licitación á alza é de 45 euros/m², máis IVE.

5. Garantía provisional: 2% sobre o tipo de licitación do contrato (45 euros/m²).

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Concello de Allariz.
- b) Domicilio: praza Maior, 1.
- c) Localidade e código postal: 32660 Allariz.
- d) Teléfono: 988 44 00 01.
- e) Fax: 988 44 00 78.

f) Data límite de obtención de documentos e información: durante todo o prazo de exposición pública.

7. Requisitos específicos do contratista: os xerais previstos no prego de cláusulas administrativas que se publica integramente no perfil do contratante.

8. Criterios de valoración das ofertas: a adjudicación efectuarase a favor da proposta máis ventaxosa determinada polo prezo máis alto; en caso de empate resolverase a favor do proxecto empresarial descrito na letra f) da cláusula quinta.

9. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación nos boletíns (BOP ou DOG). Se o prazo de vencemento coincide en sábado ou festivo, trasladarase ao seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: descrita na cláusula 5ª do prego.

c) Lugar de presentación:

- 1ª Entidade: Concello de Allariz.
- 2ª Domicilio: praza Maior nº 1.
- 3ª Localidade e código postal: 32660 Allariz.

10. Aperturas das ofertas.

- a) Entidade: Concello de Allariz.
- b) Domicilio: praza Maior nº 1.
- c) Localidade: Allariz.